



---

*REGULAMENTO DE  
TECNIFICACIÓN E  
CONCENTRACIÓNS*

---

## PREÁMBULO

A Federación Galega de Ximnasia, a partires de agora FGX, considera importante a formación e a mellora no rendemento dos seus deportistas. Para iso realizará unha serie de actividades que faciliten o chegar a este fin.

Estas actividades clasifícanse en:

1. Controis técnicos de corrección de exercicios.
2. Controis técnicos de selección de deportistas para xornadas de tecnificación,
3. Xornadas de tecnificacións e/ou concentracións.

## CAPÍTULO I: CONTROIS TÉCNICOS DE CORRECCIÓN DE EJERCICIOS

Art. 1.- Son actividades que tratan de corrixir e/ou modificar exercicios , individuais ou equipos, de deportistas clasificados a campionatos nacionais, para mellorar os resultados dos mesmos.

Art. 2.- Realizaranse:

1. Por propia iniciativa da FGX.
2. A petición dos Comités Técnicos de cada especialidade dentro do seu programa de tecnificación.
3. A petición das Entidades Deportivas.

Art. 3.- Participación: Para poder participar nestes controles teñen que darse estes criterios:

1. Estar en posesión de licenza nacional homologada.
2. Inscribirse nos prazos marcados.
3. Estar clasificados para unha competición nacional.

Art. 4.- Custe económico

1. Esta actividade non terá custe económico de inscrición.
2. Custe das actividade en si, xuíces/zas, correrá a cargo da FGX.
3. Desprazamento e manutención correrá a cargo da Entidade Deportiva a que pertence/n o/os deportista/s.

## CAPÍTULO II: CONTROIS TÉCNICOS DE SELECCIÓN DE DEPORTISTAS PARA

## XORNADAS DE TECNIFICACIÓN.

Art. 5.-Ante a celebración de xornadas de tecnificación de deportistas e/ou concentracións deberá de facerse unha selección previa dos/as mesmos/as para que poidan participar nela.

A selección poderá realizarse de dous xeitos:

1. A proposta do Comité Técnico da especialidade.
2. Tras un control de selección programado por a FGX.

Art. 6.- Para este segundo caso a FGX, programará estes controis de selección nos que poderán participar deportistas de tódalas Entidades Deportivas afiliadas a ela.

Art. 7.- Dereito a participar

Para poder participar, o deportista deberá de cumprir os seguintes criterios:

1. Ter licenza como afiliado como ximnasta na FGX.
2. Ser inscrito por a seu club nos prazos marcados por a FGX.
3. No caso de menores, autorización de participación asinada por pai/nai ou titor legal.
4. Ao mesmo tempo o Comité Técnico da especialidade poderá desestimar algunha inscrición se considera co o nivel demostrado non é o suficiente para poder ser seleccionado/a.

Art. 8.- Custe da actividade

1. Os gastos de desprazamento, manutención será asumidos por o club.
2. O custe da organización, montaxe de pistas e xuíces será responsabilidade da federación con cargo da partida orzamentaria de tecnificación da especialidade.

## CAPÍTULO III.-DAS XORNADAS DA TECNIFICACIÓN E/OU CONCENTRACIÓNS

Art. 9.- Participantes. Poderán participar nestas xornadas de tecnificación:

1. Aqueles/as ximnastas elixidos/as para as mesmas, ben nos controis de selección previos ou a proposta dos comités técnicos. No caso de ximnastas menores de idade o club ten a obriga de que se asine unha autorización por parte de pai/nai ou titor legal. O arquivo desta autorización será responsabilidade da Entidade Deportiva

2. Os/as adestradores/as acompañantes destas/as ximnastas, no número determinado na normativa técnica da convocatoria.
3. Outros/as técnicos/as, afiliados/as á FGX, no eido da formación continua e, sempre, de acordo e coas condicións fixadas na propia normativa da convocatoria.

Art. 10.-O desenrolo da actividade:

Na convocatoria a FGX reflectirá os seguintes datos:

1. Lugar e data da/s xornadas
2. Horario da actividade.
3. Lugar de pernoita e manutención.
4. Deportistas que teñen dereito a participar.
5. Posibilidade de asistencia doutros/as técnicos/as de asistir como oíntes, dentro proxecto de formación continua, e condicións necesarias para poder facelo.

Art. 11.-Transporte e desenvolvemento das xornadas de tecnificación.

1. O desprazamento dos/as seleccionados, ximnastas e adestradores/as acompañantes, correrá a cargo das entidades deportivas.
2. O desprazamento dos técnicos/as, que manifesten interese e se inscriban dentro do programa de formación continua, correrá ao seu cargo.

Art. 12.- Realización.

Os responsables da realización das xornadas serán:

1. Os/as técnicos/as, xuíces/zas encargados de dirixir as mesas. Poderían ser, técnicos/as afiliados a FGX, a outras FFAA, a RFEG ou calquera técnico estranxeiro.
2. Os/as adestradores que acompañan aos/ás ximnastas encargados polo seu club.

Art. 13.-Normas xerais de realización da actividade.

1. A asistencia é obrigatoria para todos/as os/as elixidos/as salvo causa xustificada, lesión, enfermidade...etc. O incumprimento disto poderá dar lugar a unha sanción de tipo deportivo e/ou impedimento de asistir a futuras concentracións.
2. Os/as ximnastas estarán a cargo dos/as técnicos/as responsables das

xornadas dende a súa chegada ás instalacións ata o remate da actividade. Se o día do desprazamento algún/ha ximnasta, por causa de forza maior non o puidese facer deberá pórse en contacto por teléfono coa persoa responsable. Mais adiante deberá xustificar a súa ausencia por escrito.

3. Os/as ximnastas non poderán abandonar as actividades, se non é por causa grave. No caso de ser menores de idade, será preciso a presenza do pai, da nai ou do titor ou titora.

#### Art. 14.- Das cuestións económicas.

1. A asistencia dos/as seleccionados/as é totalmente gratuíta.
2. A FGX subvencionará aos clubs polo importe dos billetes de tren e/ou autobús. No caso de realizarse en automóbil a subvención podería ser do quilómetro por cada tres ou menos ximnastas desprazados/as.
3. A FGX farase cargo do importe da estancia, mantemento e custo de instalacións, técnicos e/ou xuíces que impartan a actividade, así como a dos/as adestradores/as acompañantes dos/as ximnastas seleccionados/as. Será a encargada de xestionar aloxamento e/ou manutención. Estes lugares non poderán modificarse. Se así se fixese, os custos e gastos correrán a cargo dos/as participantes.
4. No caso de inscrición de técnicos/as como oíntes e dentro do proxecto de formación continua a FGX resérvase o dereito a por unha taxa de inscrición, que se comunicará na propia convocatoria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.-** Para aquelas situacións non recollidas nos presentes regulamentos deberá de acudirse a normativas de rango superior, Estatutos e lexislación vixente.

**DISPOSICIÓN FINAL.-** O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por a Asemblea Xeral.